



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 450

IX lexislatura

17 de abril de 2015

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Toma en consideración polo Pleno do Parlamento

- 34779 (09/PPL-000037)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Proposición de lei pola que se modifica a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia

[110766](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

- 35820 (09/MOC-000117)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caamaño Domínguez, Francisco

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa creación dunha comisión para a análise da situación da lingua galega e, se é o caso, a actualización do Plan de normalización lingüística, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 31436, publicada no BOPG nº 399, do 05.01.2015, e debatida na sesión plenaria do 24.03.2015)

[110766](#)

- 35829 (09/MOC-000118)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre a demanda da transferencia a Galicia das competencias executivas en materia de traballo, relacións laborais e función pública inspectora e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir os dereitos dos traballadores. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 31968, publicada no B.O.P.G. nº 404, do 22.01.2015, e debatida na sesión plenaria do 24.03.2015) [110766](#)

- 35831 (09/MOC-000119)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto dos proxectos presentados pola Xunta de Galicia ao Goberno central en relación coas axudas europeas correspondentes ao Plan Juncker. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 32729, publicada no BOPG nº 411, do 06.02.2015, e debatida na sesión plenaria do 24.03.2015) [110766](#)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

- 32566 (09/PNP-002386)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego diante do Goberno central en relación coa creación dun rexistro nacional de posibilidades de pesca [110766](#)

- 34781 (09/PNP-002554)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel, e sete deputados/as máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de mercados excelentes que poña en valor e incentive as posibilidades dos mercados e prazas de abastos de Galicia [110767](#)

Aprobación con modificacións

- 30558 (09/PNP-002211)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a devolución dos impostos e taxas cobradas de xeito indebido aos mariñeiros galegos en Noruega [110767](#)

- 35374 (09/PNP-002587)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vázquez Fernández, Manuel, e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dispensación da nova vacina contra a meninxite tipo B [110767](#)

- 35377 (09/PNP-002588)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen, e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o desenvolvemento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia e, en particular, nos ámbitos educativo e sanitario [110768](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 35613 (09/PNP-002598)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pombo Rodríguez, Cosme Eladio, e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o mantemento dos postos de traballo e a continuidade da actividade empresarial na factoría Vestas Nacelles Spain, S.A., no concello de Viveiro [110768](#)

Rexeitamento da iniciativa

- 34099 (09/PNP-002486)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda, e Sánchez García, Antón

Sobre a constitución dunha comisión parlamentaria de investigación para determinar as responsabilidades políticas que puideren derivarse do accidente ferroviario de Angrois [110769](#)

- 34545 (09/PNP-002528)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e tres deputados/as máis

Sobre a elaboración por parte do Goberno galego dun plan galego de emprego feminino, así como as medidas que debe recoller [110769](#)

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.1. Informes anuais de fiscalización das contas do sector público de Galicia

Consello de Contas. Informe de fiscalización

— Debate en Pleno do ditame e das propostas de resolución do Consello de Contas de Galicia do ano 2013 e informes de fiscalización sobre o sector público de Galicia [110769](#)

— Aprobación do ditame e das propostas de resolución pola Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Conesello de Contas dos informes de fiscalización do Plan de traballo do Consellos de Contas para o ano 2012 [110771](#)

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1. De ámbito autonómico galego

1.5.1.2. Consello de Contas

Programa Anual de Traballo

Aprobación pola Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Conesello de Contas das recomendacións relativas ao Plan anual de traballo do Consello de Contas para o ano 2015

[110771](#)

O Pleno do Parlamento, na sesión do 14 de abril de 2015, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Toma en consideración polo Pleno do Parlamento

- 34779 (09/PPL-000037)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Proposición de lei pola que se modifica a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia

BOPG nº 432, do 18.03.2015

Sometida a votación, obtense o resultado de 40 votos a favor, 27 votos en contra e ningunha abstención, polo que se toma en consideración.

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

- 35820 (09/MOC-000117)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caamaño Domínguez, Francisco

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa creación dunha comisión para a análise da situación da lingua galega e, se é o caso, a actualización do Plan de normalización lingüística, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 31436, publicada no BOPG nº 399, do 05.01.2015, e debatida na sesión plenaria do 24.03.2015)

BOPG nº 442, do 06.04.2015

Sométese a votación e resulta rexeitada por 26 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

- 35829 (09/MOC-000118)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre a demanda da transferencia a Galicia das competencias executivas en materia de traballo, relacións laborais e función pública inspectora e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir os dereitos dos traballadores. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 31968, publicada no B.O.P.G. nº 404, do 22.01.2015, e debatida na sesión plenaria do 24.03.2015)

BOPG nº 442, do 06.04.2015

Sométese a votación e resulta rexeitada por 26 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

- 35831 (09/MOC-000119)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto dos proxectos presentados pola Xunta de Galicia ao Goberno central en relación coas axudas europeas correspondentes ao Plan Juncker. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 32729, publicada no BOPG nº 411, do 06.02.2015, e debatida na sesión plenaria do 24.03.2015)

BOPG nº 442, do 06.04.2015

Sométese a votación e resulta rexeitada por 26 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

- 32566 (09/PNP-002386)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro OroI, José Manuel

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego diante do Goberno central en relación coa creación dun rexistro nacional de posibilidades de pesca

BOPG nº 410, do 05.02.2015

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 40 votos a favor, 29 votos en contra, e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que adopte as medidas técnicas e normativas necesarias para a creación dun rexistro nacional de posibilidades de pesca, que incorpore todas as frotas que teñan constituído un réxime de posibilidades de pesca, con distribución individual por buque.»

- 34781 (09/PNP-002554)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel, e sete deputados/as máis
Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de mercados excelentes que poña en valor e incentive as posibilidades dos mercados e prazas de abastos de Galicia
BOPG nº 432, do 18.03.2015

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 40 votos a favor, 15 votos en contra, 14 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que active un plan de mercados excelentes que poña en valor e incentive as posibilidades dos nosos mercados e prazas de abastos, resaltando aquelas que presenten as mellores infraestruturas e os mellores servizos aos seus clientes e visitantes.»

Aprobación con modificacións

- 30558 (09/PNP-002211)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a devolución dos impostos e taxas cobradas de xeito indebido aos mariñeiros galegos en Noruega
BOPG nº 386, do 03.12.2014

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 69 deputados e deputadas presentes, no seu primeiro punto; por 29 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención no seu segundo punto; e pola unanimidade dos 69 deputados e deputadas presentes, no seu terceiro punto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Exixir do Goberno central a inmediata reclamación perante o Goberno noruegués da devolución das taxas irregularmente cobradas aos mariñeiros galegos no país nórdico.
2. Interpor, ao amparo do artigo 33 do Convenio europeo de dereitos humanos, unha demanda perante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos contra o Reino de Noruega por incumprir o Convenio europeo de dereitos humanos ao ter vulnerado a prohibición de discriminación por nacionalidade por ter exixido a residencia para a inclusión no sistema noruegués de Seguridade Social aos nosos traballadores do mar emigrantes embarcados nos seus buques, que, polo contrario, non se lles exixiu aos nacionais noruegueses empregados nos mesmos barcos, sen que exista xustificación obxectiva e razoable para iso.»

- 35374 (09/PNP-002587)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vázquez Fernández, Manuel, e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dispensación da nova vacina contra a meninxite tipo B
BOPG nº 436, do 25.03.2015

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 69 deputados e deputadas presentes no seu primeiro punto, e por 62 votos a favor, ningún en contra e 7 abstencións nos seus puntos segundo e terceiro.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que:

1. Adopte as medidas oportunas para incluír no calendario vacinal obrigatorio a vacina contra a meninxite tipo B. Neste senso, insta o Ministerio de Sanidade co fin de que, en función das novas evidencias científicas dispoñibles, decida a inclusión da vacina contra a meninxite tipo B no calendario vacinal.
2. Que, mentres isto non ocorre, se habiliten as farmacias galegas para que dispensen esta vacina, como sucede, practicamente, nas farmacias de toda Europa.

3. Informe a toda a poboación destas medidas, co obxecto de cortar a lamentable “peregrinaxe” a Portugal das familias, para conseguir una vacina que debemos dispensar en Galicia.»

- 35377 (09/PNP-002588)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen, e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o desenvolvemento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia e, en particular, nos ámbitos educativo e sanitario

BOPG nº 436, do 25.03.2015

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, por 68 votos a favor, ningún voto en contra e 1 abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que:

1. Inicie un proceso de diálogo coas organizacións LGTBI galegas, concellos e outras administracións públicas co fin de realizar o desenvolvemento regulamentario da Lei 2/2014.

2. Con carácter de urxencia, aprrobe, de acordo coas organizacións de LGTBI, familias, comunidade educativa e sanitaria, os protocolos de actuación necesarios para:

Divulgar as distintas realidades afectivo-sexuais e de xénero e os distintos modelos familiares, para os efectos de garantir o pleno gozo dos dereitos das persoas LGTBI e o libre desenvolvemento da súa personalidade no ámbito familiar e entre as ANPA.

Garantir a atención terapéutica e sanitaria das prácticas e terapias relacionadas coa transexualidade e intersexualidade en todo o ámbito sanitario público, de conformidade co establecido no artigo 20 da LGTBI.

3. Garanta a formación continua e obrigatoria de todo o persoal sanitario en materia de diversidade afectivo-sexual, tanto no ámbito público coma privado ou concertado.

4. Promova campañas e cursos de formación sobre os aspectos e necesidades específicas das persoas LGTBI no ámbito sanitario.

5. Inclúa a realidade LGTBI nos contidos transversais da formación de todo o alumnado de Galicia.

6. Estableza actividades de formación para o persoal docente e incorpore a realidade LGTBI aos plans de estudo.

7. Logo de acordo coas corporacións locais respectivas, poña en funcionamento nos centros de información, atención, orientación e asesoramento xa existentes unha liña específica de atención para o colectivo LGTBI, que se desenvolverá regulamentariamente.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 35613 (09/PNP-002598)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pombo Rodríguez, Cosme Eladio, e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o mantemento dos postos de traballo e a continuidade da actividade empresarial na factoría Vestas Nacelles Spain, S.A., no concello de Viveiro

BOPG nº 442, do 06.04.2015

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 69 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Tomar todas as iniciativas precisas de cara a garantir a continuidade dos postos de traballo existentes (antes do anuncio dos ERE) na factoría Vestas de Viveiro e a continuidade da actividade desta factoría.

2. Facer valer as axudas públicas concedidas á empresa Vestas Nacelles Spain S.A., de Viveiro, por parte da Xunta de Galicia de cara ao mantemento dos postos de traballo e da continuidade da actividade empresarial.»

Rexeitamento da iniciativa

- 34099 (09/PNP-002486)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda, e Sánchez García, Antón

Sobre a constitución dunha comisión parlamentaria de investigación para determinar as responsabilidades políticas que puideren derivarse do accidente ferroviario de Angrois
BOPG nº 425, do 04.03.2015

Sométese a votación e resulta rexeitada por 15 votos a favor, 40 en contra e 14 abstencións.

- 34545 (09/PNP-002528)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e tres deputados/as máis

Sobre a elaboración por parte do Goberno galego dun plan galego de emprego feminino, así como as medidas que debe recoller

BOPG nº 432, do 18.03.2015

Sométese a votación e resulta rexeitada por 29 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.1. Informes anuais de fiscalización das contas do sector público de Galicia

Consello de Contas. Informe de fiscalización

Debate en Pleno do ditame e das propostas de resolución do Consello de Contas de Galicia do ano 2013 e informes de fiscalización sobre o sector público de Galicia

- 29691 (09/ICON-000003)

Consello de Contas

Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia do ano 2013 e informes de fiscalización sobre o sector público de Galicia

BOPG nº 372, do 12.11.2014

Ditame emitido pola Comisión Permanente non Lexislativa para as relacións co Consello de Contas en relación cos informes de fiscalización das contas do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia contidos na Memoria anual de actividades do Consello de Contas referidos aos

plans de traballo de 2013 e 2014 (contas xerais da Comunidade Autónoma de Galicia de 2011 e 2012) e propostas de resolución aprobadas (Ditame e propostas de resolución publicadas no BOPG núm. 440, do 31.03.2015)

1º. Apróbanse as contas xerais da Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes aos exercicios 2011 e 2012 por 40 votos a favor e 26 votos en contra

2º. Apróbanse por 66 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención, as seguintes propostas de resolución:

Resolución núm. 1

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a render información detallada sobre as operacións de gasto realizadas a través das habilitacións de pagamento, co obxectivo de coñecer o destino final destes gastos.

Resolución núm. 2

O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que continúe traballando na liña de anticipar a rendición da Conta xeral da Comunidade Autónoma e da Conta xeral do Sergas e mais o informe de actividade económico-financieira das entidades públicas dependentes da Administración xeral da Comunidades Autónoma, coa finalidade de que o Consello de Contas poida aproximar os mencionados informes ao exercicio en curso, incluíndo para iso a posibilidade de reformar o prazo establecido no Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Resolución núm. 3

O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que continúe dando cumprimento efectivo ás recomendacións realizadas polo Consello de Contas de Galicia nos seus informes de fiscalización.

Resolución núm. 4

O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que informe anualmente o Parlamento de Galicia, a través da correspondente comisión, das actuacións realizadas para facer o seguimento do cumprimento das recomendacións do Consello de Contas de Galicia.

Resolución núm. 5

O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que efectúe as actuacións necesarias co fin de recoller de forma correcta e axeitada o inventario de bens do sector público autonómico.

Resolución núm. 6

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a realizar un seguimento e fiscalización das contratacións realizadas polo sector público autonómico no eido informático, cunha valoración de cuestións como obxectivos previstos e resultados alcanzados, así como en termos de calidade e acreditación dos servizos prestados en relación cos fondos utilizados.

Resolución núm. 7

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a presentar no prazo máximo de tres meses un informe sobre novas medidas que considere poñer en marcha para loitar contra a corrupción e promover a máxima transparencia das contas públicas e dos informes económico-financeiros, facendo unha estimación dos seus custos e unha aproximación da súa entrada real en vigor, coa participación do propio Consello de Contas de Galicia.

Resolución núm. 8

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a presentar con carácter urxente un informe sobre as posibles funcións que se deben encomendar ao Consello de Contas de Galicia en relación coa prevención e loita contra a corrupción, facendo unha estimación dos custos necesarios para a posta en marcha das medidas propostas.

Resolución núm. 9

O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que entes, sociedades, fundacións e consorcios remitan toda a información contable (tanto para a fase de elaboración dos orzamentos coma na de liquidación destes) que se lles require desde o Consello de Contas, para que se poida ter unha visión global da actividade económica de todo o sector público da Comunidade Autónoma e se dea o debido cumprimento ao principio de transparencia da actividade pública.

Resolución núm. 10

O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que manteña a disciplina orzamentaria no que se refire a acoplar e axustar ao longo do exercicio as previsións orzamentarias iniciais á evolución real da economía e das necesidades de financiamento dos servizos públicos.

Resolución núm. 11

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que realice as actuacións correspondentes de cara a que todos os organismos e entidades utilicen o idioma galego na súa relación co Consello de Contas.

Resolución núm. 12

O Parlamento de Galicia solicita do Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización da Fundación Cidade da Cultura e da Fundación Gaiás. Recoméndase que sexa obxecto deste informe:

— Auditar o estado financeiro destas fundacións.

— Analizar se a actividade desenvolvida pola Fundación Gaiás se axusta aos seus fins fundacionais e ás súas normas internas, e avaliar en termos de eficacia e eficiencia, atendendo aos seus fins fundacionais, as súas políticas de gasto.

Resolución núm. 13

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a facer público os pagamentos extraordinarios a Povisa que exceden o concerto e que se xustifican por “superar a atención sanitaria concertada”.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2015

Presidenta
Pilar Rojo Noguera

A Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, na reunión do 16 de abril de 2015, adoptou os seguintes acordos:

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.1. Informes anuais de fiscalización das contas do sector público de Galicia

Consello de Contas. Informe de fiscalización

Aprobación do ditame e das propostas de resolución pola Comisión dos informes de fiscalización do Plan de traballo do Consellos de Contas para o ano 2012

- 33894 (09/ICON-000004)

Consello de Contas de Galicia

Informes de fiscalización de determinadas entidades previstos no Plan de Traballo 2012

BOPG nº 424, do 27.02.2015

Resolución núm. 1

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a redeseñar a xestión da Saúde Renal da Comunidade Autónoma de Galicia, en función dos medios propios disponibles nas EOXI e a distinta dispoñibilidade de recursos privados existentes en cada provincia, para o que se abordarán os concertos con entidades alleas (hospitais, clubs de diálise e fundacións) para a prestación da actividade de diálise de acordo cunha planificación integral en materia de saúde renal.

Resolución núm. 2

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á integración dos sistemas de información de tal xeito que se conecten á rede dos Servizo Galego de Saúde ós centros concertados, permitindo a estes consultar a información clínica do paciente derivado, elaborar os informes directamente na historia clínica e enviar imaxe dixital ao centro de referencia.

Resolución núm. 3

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia ao desenvolvemento dun modelo de planificación asistencial da actividade a desenvolver en centros concertados que se orixine

nas estruturas de xestión integrada, establecendo unha coordinación asistencial que garanta os resultados en saúde.

Resolución núm. 4

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver o programa especial de auditoría de xestión de centros concertados a través do Servizo Galego de Saúde, previsto pola Consellería de Sanidade no seu plan de inspección para o período 2014-2017.

Resolución núm. 5

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a facer que as Cámaras de Comercio sexan instrumentos útiles ao servizo do empresariado galego, especialmente das pemes.

Resolución núm. 6

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a habilitar instrumentos normalizados de información para o conxunto do Sergas, e dotalo de aplicacións informáticas para a xestión da prestación da diálise.

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1. De ámbito autonómico galego

1.5.1.2. Consello de Contas

Programa Anual de Traballo

Aprobación das recomendacións relativas ao Plan anual de traballo do Consello de Contas para o ano 2015

- 33287 (09/CPAT-000003)

Consello de Contas

Plan anual de traballo do Consello de Contas para o ano 2015

BOPG nº 420, do 20.02.2015

Recomendación número 1

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a manter con carácter periódico o Informe sobre a Actividade Económico-Financeira das Entidades Públicas dependentes da

Administración Xeral da Comunidade Autónoma, presentado por primeira vez no exercicio de 2006.

Recomendación número 2

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas á fiscalización dos procedementos de incorporación do persoal en organismos públicos e a súa adecuación (número e funcións) á actividade das respectivas entidades, analizando un período temporal razoable que permita ver a evolución deste persoal.

Recomendación número 3

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a realizar unha análise da evolución temporal do endebedamento da denominada Administración institucional en termos de contabilidade nacional, da súa razoabilidade e da súa sustentabilidade.

Recomendación número 4

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a realizar unha análise da evolución temporal do endebedamento da Administración local de Galicia.

Recomendación número 5

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a que, en relación co establecido no artigo 25 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, presente no Parlamento de Galicia dentro do prazo de seis meses dende a rendición de contas pola Administración xeral da Xunta de Galicia, o Informe da Conta Xeral da Comunidade Autónoma e do Sergas, do exercicio inmediatamente anterior.

Recomendación número 6

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a realizar unha análise do gasto farmacéutico na Comunidade Autónoma e a súa evolución dende o ano 2007.

Recomendación número 7

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización específico relativo

aos concertos educativos, con especial atención á análise da eficiencia do gasto.

Recomendación número 8

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a presentar os próximos plans anuais de traballo no mes de outubro anterior ao do exercicio do que se trate, co fin de que neles poidan ser incluídas con suficiente antelación as recomendacións aprobadas pola Cámara autonómica.

Recomendación número 9

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a realizar un informe sobre a adecuación á normativa en vigor en relación ás cláusulas de responsabilidade social corporativa cando figuren nos procesos de contratación levados a cabo polo sector público autonómico e nas entidades locais e, de ser o caso, a súa incidencia real en tales procesos.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2015

María Soledad Soneira Tajés
Vicepresidenta 2ª

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

- 1.1.1. NORMAS APROBADAS
- 1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

- 1.2.1. INVESTIDURA
- 1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
- 1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

- 1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
- 1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
- 1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
- 1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
- 1.3.5. MOCIÓNS
- 1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI
- 1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
- 1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

- 1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
- 1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
- 1.4.3. INTERPELACIÓNS
- 1.4.4. PREGUNTAS
- 1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS
- 1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS
- 1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

- 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO
- 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS
- 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
- 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

- 4.1. INFORMACIÓNS
 - 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727